

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA**

Orde do 26 de setembro de 2007 pola que se aproba a delimitación e a determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución de Pinus sylvestris L. e Quercus rubra L. no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a suspender a autorización de dúas unidades de admisión aprobadas de Pinus sylvestris L.

A publicación do Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, incorpora á nosa lexislación nacional a Directiva 1999/105/CE do Consello, do 22 de decembro de 1999, sobre a comercialización dos materiais forestais de reprodución que refunde e actualiza toda a normativa anterior para o efecto.

No punto 1 do artigo 3 do Real decreto 289/2003, antes mencionado, establécese que para a produción de materiais forestais de reprodución destinados á comercialización se utilizarán unicamente materiais de base autorizados.

O punto 2 do mesmo artigo di que os materiais de base só poderán obter a condición de autorizados se garanten as exixencias establecidas nos anexos II, III, IV ou V do real decreto, segundo se trate da produción de materiais forestais de reprodución identificados, seleccionados, cualificados ou controlados, respectivamente, e se están referidos a unha unidade denominada unidade de admisión, que estará identificada mediante unha única referencia no correspondente rexistro.

Así mesmo, o punto 3 do mesmo artigo indica que a autorización dos materiais de base para a produción dos materiais forestais de reprodución seleccionados a efectuará o órgano competente da respectiva Comunidade Autónoma, que en Galicia é a Consellaría do Medio Rural, quen lle comunicará os devanditos materiais de base á Dirección Xeral para a Biodiversidade, para o seu traslado á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O artigo 1.5º do Decreto 135/2004, do 17 de xuño, polo que se crea o Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución, establece como competencias da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais a xestión do Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución. No artigo 1.2º deste decreto recóllese que se inscribirán no devandito rexistro os materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución que sexan autorizados pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Así mesmo, o punto 4 do mesmo artigo indica que o contido do rexistro será de carácter público e difundido adecuadamente a toda a sociedade e axentes do sector forestal.

Por outra banda, o artigo 5.2º do Decreto 135/2004 establece que a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais poderá suspender a autorización concedida aos materiais de base procedendo á cancelación da inscrición no rexistro.

En consecuencia, unha vez que a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais realizou os estudos técnicos pertinentes e comprobou o cumprimento dos requisitos mínimos para a autorización dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución da categoría seleccionados, conforme o disposto no anexo III do Real decreto 289/2003, e realizada a revisión das unidades de admisión autorizadas ata o momento e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e demais normativa aplicable,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Aprobar a delimitación e a determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución da categoría seleccionados de *Pinus Sylvestris* L. e *Quercus rubra* L. no territorio da comunidade de Galicia que aparecen relacionados no anexo desta orde.

Proceder á inscrición dos devanditos materiais no Rexistro Galego de Materiais de Base para a Producción de Materiais Forestais de Reprodución.

Artigo 2º

Cancelar as unidades de admisión aprobadas cos números 111 e 112 da especie *Pinus sylvestris* L. do Rexistro Galego de Materiais de Base para a Producción de Materiais Forestais de Reprodución, logo da suspensión de autorización realizada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

Especie: *Pinus sylvestris* L.

Nº rex.	Región de procedencia	Código autonómico	Código	Nome de localización	Nome do monte	Nº elenco	Pertenza	Provincia	Termo municipal	Propietario	Lonxitude	Latitude	Alt. (m)	Superficie (ha)	Cat. Mfr	Tipo mb	Autenticidade mb
152	10. Sº de Guadarrama	ES/27/ps/2/10/2/2/1	RS-21/10/27/001	Lamas de Campo	Vilarchao	2715510	Vecinal en man común	Lugo	A Fonsagrada	CMVMC de Vilarchao	7º01'02"	43º12'17"	765 825	154,0	S	RS	Non autóctono
153	10. Sº de Guadarrama	ES/32/ps/2/10/2/2/1	RS-21/10/32/001	Cantóns 12 e 13	Grande	3215545	Vecinal en man común	Ourense	Bande	CMVMC de Garabelos, Nigueiros, O Ribeiro e Vilar	7º56'46"	42º01'15"	865 950	57,95	S	RS	Non autóctono

Especie: *Quercus rubra* L.

Nº rex.	Región de procedencia	Código autonómico	Código	Nome de localización	Pertenza	Provincia	Termo municipal	Lonxitude	Latitude	Alt. (m)	Superficie (ha)	Cat. Mfr	Tipo mb	Autenticidade mb
154	01. Galicia	ES/36/qr/2/01/2/2/1	RS-48/01/36/001	Polígono 93 Parcelas 139 e 140	Particular	Pontevedra	A Estrada	8º30'31"	42º41'19"	318 345	2,0	S	RS	Non autóctono
155	01. Galicia	ES/36/qr/2/01/2/2/1	RS-48/01/36/002	Polígono 512 Parcelas 1110 e 1111	Particular	Pontevedra	A Estrada	8º31'15"	42º4'50"	278 300	0,75	S	RS	Non autóctono

ALT.: altitude
MB: material de base
CAT: categoría
S: seleccionado
MFR: material forestal de reprodución
RS: monteira seleccionada